

PROGRAMACIÓN 2º da ESO

1º Trimestre

Bloque 1	O son	Lectura musical e figuras rítmicas	A voz humana	Instrumentos de corda frotada
Bloque 2	A duración	Os compases	Clasificación das voces	Instrumentos de corda pulsada
Bloque 3	A altura	As notas musicais	Efectos vocais	Instrumentos de corda percutida

2º Trimestre

Bloque 4	As escalas: pentatónica e diatónica	Música A Capella	Instrumentos de embocadura de bisel e lingüeta	
Bloque 5	Funcións tonais e acordes	Teatro e cine musical	Instrumentos de embocadura de copa	
Bloque 6	A melodía	A danza	Instrumentos de vento con teclado	

3º Trimestre

Bloque 7	A forma musical	Música tradicional	Percusión de altura determinada	
Bloque 8	Carácter e intensidade	Música popular	Percusión de altura indeterminada	
Bloque 9	O timbre	Música comercial	Instrumentos eléctricos e electrónicos	

A programación de aula está distribuída en bloques de contidos. Cada bloque será avaliado da seguinte maneira:

- Un **30%** da nota corresponderá á realización de tarefas de aprendizaxe tanto en Edixgal como de actividades que se realizan na aula, incluídas as de interpretación musical.
- Un **20%** da nota corresponderá a unha proba de interpretación musical.
- O **50%** restante obterase da realización dunha proba de repaso de coñecementos adquiridos ó longo do bloque. No caso de que durante a realización desta proba se detecte que se están a copiar as respostas, todo o exame quedará suspenso cunha nota igual a 1 punto.

No caso de que puntualmente non fose posible realizar unha proba de interpretación musical, a porcentaxe do 20% será repartida nas outras cualificacións, de maneira que a realización de tarefas representarán un **40%** e a proba do bloque un **60%** na nota final.

A nota de cada avaliación será unha media das notas finais de cada un dos bloques que se traballen nesa avaliación.

O aprobado da materia acádase cunha puntuación de 5

Sistema de redondeo: Cando a nota da avaliación sexa un número con decimais, se estes son iguais ou están por debaixo de 0.5 tenderase á nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior.

Nota media = 4.3	Nota do boletín: 4
Nota media = 4.5	Nota do boletín: 4
Nota media = 4.6	Nota do boletín: 5